

## Unha revista galega de estudos internacionais

*Editorial Tempo Exterior, nº 12 primeira época*

**O** Igadi anuncia a posta en marcha dun novo proxecto editorial. Este número de Tempo Exterior será o derradeiro neste formato e periodicidade. Despois de tres anos de continuado e perseverante compromiso cos nosos lectores, coidamos chegado o momento de procurar un salto cualitativo nesta materia. É unha etapa que agora se pecha e que presenta un balance claramente positivo e esperanzador. “Tempo Exterior” chegou á práctica totalidade dos seminarios de ciencias sociais de toda Galicia, a empresarios, sindicalistas, escritores, xornalistas, organizacións non gobernamentais, responsables políticos ou cidadáns. Esa “chuvia fina” cumpriu a súa misión, fundamentalmente informativa e sensibilizadora.

Queremos abordar os estudos internacionais transcendendo a propia actualidade, afondando na análise, propiciando o debate e abrindo fiestras para a elaboración de estratexias de acción exterior que respondan ós intereses de Galicia. O exitoso ensaio que levamos adiante durante máis dun ano con Texturas, que tamén se refundirá no novo proxecto, afirmounos na convicción de que, ademais da necesidade, existen as condicións para contar en Galicia cunha revista destas características. Para que todo este esforzo previo non resulte baldío, nos primeiros números do novo “Tempo Exterior” incorporaranse progresivamente á sección de “Documentos”, todos e cada un dos exemplares publicados ata hoxe.

En máis dun aspecto, a sociedade galega experimentou un profundo cambio nos últimos anos. En razón de necesidades económicas, políticas, institucionais, culturais ou sociais, numerosos actores precisan contemplar o factor exterior como un elemento indispensable da súa acción pública, como un factor novidoso pero substancial para acadar a debida proxección das súas actividades. Os empresarios non poden vivir de costas á internacionalización das actividades económicas e financeiras; os partidos políticos precisan incorporar respostas a fenómenos aparentemente exteriores pero con grandes implicacións nas políticas internas; ningunha administración, por pequena que sexa, pode limitarse á mera xestión do inmediato e do próximo sen contemplar unha perspectiva global; a nosa cultura precisa universalizarse para ser ela mesma e subsistir. A propia consolidación e avance do Igadi reflicte esa crecente sensibilidade e receptividade de tantos axentes sociais a respecto da interiorización da clave exterior.

Unha revista especializada, en principio con periodicidade semestral, pode representar un excelente lugar de encontro para reflexionar de xeito plural sobre os grandes problemas e conflitos internacionais da nosa contemporaneidade e para visualizar as estratexias de Galicia nese contexto. Ambos os dous elementos constituirán as preocupacións básicas da revista, que prestará unha especial atención ó fomento da reflexión desde aquí, dende as nosas propias instancias e coa participación preponderante dos nosos autores, se ben abertos sempre tamén ás colaboracións do exterior, moi especialmente de Portugal e de América Latina.

Se por suposto non falta a ilusión para este novo proxecto, tampouco sobrarán os apoios de todas aquelas persoas e entidades que ata agora veñen colaborando con nós de diferentes formas. Buscaremos a complicitade de todos e de todas sabendo que cada un determinará a intensidade dun compromiso que non quixeramos ver limitado á simple subscripción. Aínda que, en derradeira instancia, unha boa carteira de lectores será vital para afianzar a súa propia viabilidade social.

## A paz en Colombia busca o apoio europeo

*María José Viqueira*

**A** imaxe internacionalmente extendida de Colombia é a dun país que padece unha violencia case estrutural, agravada pola fragilidade do Estado e por un narcotráfico con prolongacións guerrilleiras; a unha e máis a outra constitúen un tándem que provoca miles de mortos cada ano na sociedade colombiana.

Toda esta violencia ten boa parte das súas raíces no asasinato de Eliécer Gaitán (1948), político liberal que dirixiu un amplo movemento popular, e agrávase a partires de 1953 co golpe militar de Rojas Pinilla. É nesta época cando nacen as FARC (Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia), a guerrilla máis importante actualmente.

Durante os anos 60 aparecen novos grupos guerrilleiros con influencias da revolución cubana. Sería na seguinte década cando os grupos guerrilleiros se dotaron dunha maior infraestrutura e acadaron as cuotas máis altas de combatividade. Nos anos oitenta, no mandato de Betancur, promóvese un plan de rehabilitación e paz que se ben frustrouse finalmente, conseguiu, pese a todo, a desmilitarización e reinsertión do M-19.

Nos anos noventa César Gaviria Trujillo impulsa a renovación do Estado: nova Constitución e conversacións coa coordinadora guerrilleira. Este intento fracasa tamén pero logra desmilitarizar a oito grupos guerrilleiros. É nesta década cando xurden novos grupos, chamados paramilitares ou grupos de autodefensa, guerrillas de extrema dereita que combaten á guerrilla de esquerda; segundo múltiples denuncias, moitos deles están integrados por membros das forzas armadas colombianas.

Na actualidade estase a producir un crecemento destes movementos e os efectos na sociedade civil fanse sentir: poboación desprazada, milleiros de asasinados e de orfos dos que o Estado debe facerse cargo ou ben son recrutados pola guerrilla.

Todo este proceso debe contextualizarse nunha economía da especulación incapaz de lograr unha verdadeira industrialización; é unha economía dominada polos monopolios, que xeran unha mentalidade reaccionaria na clase empresarial do país. Intentáronse reformas agrarias que non deron apenas resultados. Cincuenta anos de violencia guerrilleira provocou e sigue provocando o desprazamento de milleiros de campesiños ou, como alternativa, o recurso a cultivos ilegais vinculados ó narcotráfico, segundo algúns, principal fonte de financiamento da guerrilla.

Case no século XXI, o presidente Andrés Pastrana formula outro intento dun novo plan de rehabilitación nacional. O primeiro paso produciuse

en xaneiro de 1999, coa programación dun encontro coa guerrilla. A conversa entre Pastrana e as FARC tería lugar en territorio “inimigo”, nun lugar afastado da selva colombiana. O interlocutor de Pastrana era Manuel Marulanda, alias Tirofijo, o máis vello e emblemático guerrilleiro das FARC. Pero as conversacións non chegaron a producirse xa que Tirofijo non se presentou. Circulan distintas versións ó respecto. Para uns non se presentou por medo a unha represalia dos paramilitares. Para outros, esta ausencia debeuse á incapacidade da guerrilla para instalarse no discurso da paz. Outros analistas (da revista Cambio, por exemplo) reducen o feito a unha mera estratexema publicitaria, para atraer a atención duns medios que doutro xeito cederían todo o protagonismo a Pastrana. Marulanda enviou un discurso que foi lido por un dos seus comandantes, todo un alegato contra Estados Unidos e contra os gobernos colombianos dos últimos anos.

Mentres, o outro grupo guerrilleiro máis importante de Colombia, o ELN (Exército de Liberación Nacional) prosegue a súa propia estratexia de paz, despois de sentar as bases no preacordo de Viana, durante o goberno de Samper. Dende aquela, o ELN seguiu negociando con diferentes interlocutores da sociedade civil e marxinando ó Estado.

O seguinte paso de Andrés Pastrana produciuse o pasado dous de maio, cando voltou á selva para entrevistarse cos dirixentes das FARC de igual a igual. Logra entón un entendemento para que as FARC apoien o seu proceso de paz en base á aceptación dun plan de doce puntos nos que se reivindica a solución política para o conflito armado, a protección dos dereitos humanos, a reforma do Estado e das súas institucións, etc.

O 26 de maio producíase a máis grave crise no proceso. A dimisión do ministro de defensa de Samper, por mor do seu desacordo co proceso de paz e a acción de despexar indefinidamente 42.139 km<sup>2</sup> de selva. Pero o proceso de paz avanza, se ben con un apoio popular que flaquea. Mentres as FARC e o ELN continúan emprendendo accións armadas e secuestros, Pastrana non desiste da súa idea e segue adiante co seu proxecto.

Neste contexto xurde unha iniciativa de gran alcance, a viaxe a Europa dunha Comisión de Paz integrada por guerrilleiros e goberno. O seu principal obxectivo consiste en recabar apoio económico para as negociacións de paz e tamén apoio político, evitando así a intromisión monopolista de EEUU neste proceso. O eurotour supón un achegamento entre as FARC e o goberno, e todo un cambio de perspectiva e de imaxe para os guerrilleiros. Hai motivos para o optimismo, sempre en cuarentena, habida conta de que aínda está por discutir o primeiro punto da axenda: o modelo económico.

---

*María José Viqueira é estudante de Ciencias Políticas e realiza prácticas no Igadi.*

## Guatemala: xustiza universal

*Andrés Cabanas*

**A** demanda contra expresidentes e militares guatemaltecos interposta en España por Rigoberta Menchú<sup>(1)</sup> responde ao principio de “xustiza universal” ou “mundialización da xustiza”, pero ten asemade importantes lecturas internas.

No primeiro dos casos (a mundialización da xustiza), a aceptación inicial da demanda por parte da Audiencia Nacional española é un principio lóxicamente desprendido do caso Pinochet, o cal implica que os crimes cometidos contra poboacións indefensas constitúen crimes contra a conciencia e a dignidade de toda a humanidade, e poden ser xulgados extraterritorialmente. Ao tempo, a demanda representa un avance con respecto á detención daquel xeneral, pois a Audiencia Nacional española estimou no caso de Guatemala catro acusacións (xenocidio, desaparición, tortura e terrorismo de estado) mentres que Pinochet apenas foi acusado de torturas cometidas despois de 1988 (data de entrada en vigor da Convención contra a Tortura).

As lecturas internas son fundamentalmente tres. A primeira indica que non existen en Guatemala condicións axeitadas para levar adiante estes procesos xudiciais. A impunidade na que aínda permanecen crimes antigos (as máis de 640 masacres cometidas entre 1975 e 1985, documentadas en “Memoria del Silencio”) e tamén novos (o asasinato da antropóloga Myrna Mack en 1990 ou do bispo monseñor Gerardi en 1998) é a proba maior do anterior.

A segunda lectura importante ten que ver coas deficiencias do proceso de paz guatemalteco (e en xeral, da transición de dictaduras militares a sociedades democráticas tanto en Guatemala, como en Centroamérica e na maioría dos países do cono sur latinoamericano), en canto a que estamos a falar dun proceso construído sobre a negación de pasado, sobre a falta de responsabilización (administrativa, xudicial, social ou política) e, xa que logo, sobre a inexistencia de rectificación dos erros cometidos. Un proceso, pois, que agacha os problemas en vez de procurar resolvelos.

(1) A demanda aceptada refírese fundamentalmente aos seguintes casos: tortura e asasinato público dun irmán de Rigoberta Menchú; queima da Embaixada de España, con máis de trinta ocupantes (labregos, estudantes, políticos e personal diplomático); asasinato da nai de Rigoberta Menchú; asasinato doutro irmán de Rigoberta Menchú; asasinato de varios sacerdotes españoles, misioneiros del Sagrado Corazón, en localidades de Quiché. A esta demanda aderíronse organizacións de Dereitos Humanos como o “Grupo de Apoyo Mutuo”, GAM, “Coordinadora Nacional de Viudas de Guatemala”, CONAVIGUA, “Alianza contra la Impunidad”, “Procuraduría de los Derechos Humanos”, entre outras. Unha demanda inicial, que atendía á maioría dos casos relatados no Informe “Memoria del Silencio”, da “Comisión de Esclarecimiento Histórico”, desestimouse por motivos técnicos.

Por fin, a terceira lectura da demanda e a que máis incidencia ten na actual coxuntura guatemalteca, indica que se está a enfrontar ao presidente do Congreso e un dos homes fortes do actual goberno, Efraín Ríos Montt (un personaxe que faría palidecer ao mismísimo Pinochet, ao ser o responsable de conducir durante máis de 18 meses, entre 1982 e 1983, a política de “terra queimada” que se plasmou na execución dun número incalculable de mulleres, homes e nenos).

Neste caso, a demanda de Rigoberta Menchú incorpora o intento de limitar os poderosos factores de involución presentes no actual goberno e que gravitan arredor do imperfecto proceso de paz, ameazando con liquidalo.

Málla que informacións de prensa e opinións de líderes políticos afirman que a demanda iniciada por Rigoberta Menchú divide á sociedade guatemalteca (ó igual que o encarceramento de Pinochet dividiu e polarizou Chile), outras evidencias indican que a demanda é consecuencia e non causa da devandita polarización. A división xurde, en primeiro lugar, da comisión de crimes; en segundo lugar, da carencia de instrumentos políticos e legais para a reparación deses crimes e do intento de comezar un tempo novo a partir dun imposible punto cero, negando o papel fundamental da memoria na reconstrución dunha sociedade fracturada e doente como a guatemalteca.

Para rematar, e fronte ás opinións que califícan de inxerencia a xurisdicción española sobre delitos guatemaltecos, habería que considerar que os actores fundamentais da demanda interposta por Rigoberta Menchú e de calquera outra que se prantexe no futuro, son guatemaltecos (aínda que o cenario coxuntural sexa un xulgado de Madrid). En Guatemala ocorreron os feitos xulgados. En Guatemala naceron ou viviron as vítimas. Guatemaltecos son os denunciados e os denunciantes. E sobre todo, en Guatemala residen hoxendía os deudos e os sobrevivintes das vítimas, que depositan a súa derradeira esperanza na universalidade da xustiza.

---

*Andrés Cabanas é autor de “Los sueños perseguidos”, obra presentada en Vigo o pasado 25 de abril na librería “A caixa de pandora”, nun acto organizado polo Igadi.*

## A Rusia de Putin

*Carlos Méixome*

**A**s presidenciais de marzo faltáronlle as incertezas dos tempos de Ieltsin. A victoria de Putin dábase por segura. Poucos días antes da cita electoral, nunha actitude ben pouco respectuosa coa mínima neutralidade esixida a un xefe de goberno, o “premier” Anthony Blair cursaba visita oficial a Moscova e comprometéase, co aínda candidato, a enviarlle, coa chegada da primavera, algúns dos seus asesores.

Cunha prepotencia insultante, o interino do Kremlin, negouse a realizar unha campaña tradicional. Eso si, asegurouse apoios como o de Blair e ocupou amplos espazos nos informativos das canles de TV, controladas polos seus aliados, nos que ademais de gabar a súa seriedade, enerxía e decisión aparecía pilotando un caza ou practicando judo. Só restaba a dúbida de se lograría a victoria por maioría absoluta e evitaba a segunda volta ou necesitaría máis axuda dos “oligarcas” para facerlle fronte a unha segunda convocatoria nas urnas. Moitos analistas coidan que os “magnates” estarían desexosos de que se celebrase unha segunda volta para poder atalo máis en curto.

Os outros candidatos puxéronllo aínda máis doado. Dos doce contendentes, sete estaban fora de xogo. Os outros, agás Ziugánov, non pasaban da categoría de “sparing”. Amán Tuléiev, limitado a Kemerovo e restándolle votos a Ziugánov; Xirinovski, desposuído do “chauvinismo gran ruso” (asumido por Putin) no que sostiña o seu discurso quedouse só coas estridencias; Iavlinski, occidentalista en exceso, pagou as estrañas alianzas nas lexislativas co ex-primeiro ministro Stepashin (apoiou a Putin nas presidenciais) e as críticas á intervención militar en Chechenia.

Ziugánov, quen realizou unha forte campaña electoral, foi o único capaz de manter as expectativas e acercarse ao 31% dos votos. Mais a campaña do líder do PCFR estaba encerellada con Ieltsin. O Partido Comunista apoiou abertamente ao Kremlin na guerra de Chechenia, e Putin apropióuse-lle de parte do discurso patriótico das lexislativas. Quedouse coas críticas a Ieltsin e á corrupción, mais nin o primeiro nin os “oligarcas” eran candidatos nestas eleccións. Aínda máis, nunha das escasas mudanzas apreciables, a respecto de Ieltsin, das mensaxes de Putin foi o abandono do anticomunismo como razón de ser. Mesmo o xa presidente, considera ao PCFR como un pilar institucional sobre o que recuperar o estado ruso; neste senso deben ser interpretados os acordos Vredme-PCFR no reparto das comisións parlamentarias que permitiron a Guennadi Seleznirov continuar presidindo a Duma.

A maioría absoluta confirmouse e escaso interese ten saber si os “oligarcas” querían ou non unha segunda volta.

## O ascenso do home de San Petersburgo

Hai pouco máis de dez anos, Vladímir Putin era un tenente coronel do KGB destacado na Alemaña oriental. Contemplou o esborrallamento do valado que materializaba a división bipolar do mundo e obedeceu as contundentes ordes chegadas de Moscova de absterse de intervir nunha cuestión exclusiva dos alemáns.

Desaparecida a RDA, a URSS e o mesmo KGB, Putin regresa ao seu San Petersburgo natal onde comeza a súa carreira política baixo a protección de Sobchack, o alcalde da capital imperial. Dende alí dá o salto a Moscova, reclamado por Ieltsin. Primeiro, vicexefe da administración dos bens da presidencia; logo, director do FSB, herdeiro do KGB; despois, secretario do Consello de Seguridade Nacional; máis tarde xefe do Goberno e finalmente, dende o día de Noitevella, presidente en funcións. Agora, presidente electo da Federación Rusa.

Cando aínda estaban quentes os cadáveres e os rescaldos dos incendios provocados polas bombas da OTAN sobre os irmáns eslavos de Serbia, unha nova, e estraña, crise desátase en Rusia tras o levantamento en Daguestán dos wahabíes de Shámil Basáiev. O xefe do goberno ruso, Serguei Stepashin descarta unha intervención como a de 1994 en Chechenia. Eran os primeiros días de agosto. O día nove, Ieltsin da un golpe de temón, aos que era tan afeccionado, destitúe a Stepashin e substitúeo por Putin, convoca as lexislativas e designa ao novo xefe de goberno como candidato á presidencia.

As accións militares rusas en Daguestán van en aumento mentres Ieltsin asiste ao cumio do Grupo de Xangai (Rusia, China, Kazakhstán, Kirguistán e Taikistán) onde se denuncia o intervencionismo americano e o perigo islámista. Estamos en plena “guerra económica” polo control do petróleo do Caspio entre as petroleiras occidentais e as rusas. Ao pouco, nos medios financeiros occidentais comeza a circular abundante información sobre a corrupción do entorno de Ieltsin que pronto saltará aos medios de comunicación que farán célebre a denominación “A Familia”.

Mentres en Moscova vai collendo forza unha alianza de intereses entre o ex primeiro ministro Primakov e o alcalde da capital, Iuri Luxkov, na que tamén participa o gobernador de San Petersburgo, compañeiro de Putin nos anos deste na cidade do Nievá, Alexander Iákolev.

Nos primeiros días de setembro varias bombas, seica colocadas por terroristas chechenos (a autoría dos atentados segue sen estar clara), destrúen varios edificios en Moscova e outras cidades rusas causando decenas de mortes. A prensa occidental fala de “estado comatoso”, de caos, de corrupción, da dimisión de Ieltsin e presenta como alternativa ao dúo Primakov-Luxkov. Ieltsin, “A Familia” e o Rasputín-Berezovski semellan acurrallados. Todos confían no novo xefe de goberno que ten fama de atopar as solucións máis doadas para as situacións máis difíciles.

## A solución chechena

Dende primeiros de setembro as tropas rusas concentrábanse, de forma masiva, no Daguestán para combater a medio milleiro de wahabíes. O 18, a aviación bombardeaba Chechenia. Pouco importaban os coñecidos enfrontamentos entre o presidente Maskhádov e o dirixente guerrilleiro Shámil Basáiev, que fose público e notorio que a acción guerrilleira no Daguestán non contaba co apoio do goberno de Grozni, empeñado en normalizar a situación antes do 2001 para poder celebrar a conferencia ruso-chechena que decidiría o futuro da República caucásica tal e como se tiña asinado no acordo de paz de agosto de 1996.

As razóns para os bombardeos eran ben outras. Nomeadamente, aglutinar á opinión pública rusa en torno a un goberno forte; agrupar á nación rusa fronte aos terroristas norcaucásicos; assimilar parte do discurso patriótico da oposición comunista; crear a sensación de ameaza e fomentar a xenofobia contra un inimigo interior. Por outra banda a guerra masiva era agora posible ¿Qué podería dicir Occidente despois do que remataba de facer en Iugoslavia? Se uns bombardeaban para deter a limpeza étnica no Kosovo, outros facíanlo para rematar co terrorismo. Se todos os serbios foran castigados, tamén podían selo todos os chechenos. Occidente tería que manter a boca pechada.

Os rusos, despois dunha década de humillacións, verían con bos ollos a quen lle devolvía o orgullo e os poñía a altura dos Estados Unidos. Putin estaba tamén seguro de gañarse o apoio dos militares aos que a nova guerra daríalle a oportunidade de lavar o honor perdido en 1996. Só era cuestión de aplicar o modelo da OTAN: reducir ao máximo as baixas propias e entregarlle a dirección das operacións aos militares sen inmiscuirse en exceso.

Ao tempo, o novo primeiro ministro tiña outro labor: impedir a consolidación da alternativa política proxectada en torno ao dúo Luxkov-Primakov que ameazaba o futuro do presidente, da “Familia” e da “cleptocracia” comandada por Berezovski. A disputa era entre “oligarcas”. Si a corrupción era evidente nos lindeiros do Kremlin, Luxkov tamén tiña a súa. Só restaba espallala, dese traballo encargaríanse os medios de comunicación de Berezovski e compañía. Con Luxkov tocado, Primakov desinchouse e Iákolev abandonou antes de enfrontarse co seu colega de San Petersburgo.

O golpe definitivo foi o lanzamento da operación Vredme. Un partido político protexido dende o Kremlin, dirixido por Putin e comandado polo ministro de Emerxencia, Serguei Shoigu, mozo, serio e disciplinado coma Putin.

A estratexia demostrouse eficaz nas lexislativas: os comunistas sacaron máis deputados, pero Vredme foi o auténtico vencedor das eleccións. A alianza Patria-Toda Rusia disolveuse coma o sucre e os seus deputados puxéronse en fila para pedir perdón ao Kremlin. Non foron os únicos, os da Unión de Forzas da Dereita tiveron que facer o mesmo.

Mesmo outras circunstancias púñanse do lado do goberno. O prezo do petróleo disparase nos mercados internacionais e as desabastecidas arcas estatais reciben substanciosas inxeccións que permiten comezar a pagar algúns atrasos aos funcionarios, comezando polos militares.

O traballo estaba feito. Putin podía presentar no Kremlin e dicirlle ao presidente que se podía retirar con tranquilidade. A inmunidade del e os seus estaba asegurada. Só restaba a traca final, que a imaxe de Ieltsin abrise todos os informativos do mundo o primeiro día do 2000.

## O futuro

---

Putin non é un dirixente de grandes proxectos, senón de situacións. Mesmo o seu programa político é unha incógnita, tampouco lle preocupa, el quere solucións para o día a día. Sabe que con catro ou cinco ideas e o control dos mecanismos do poder é doado gobernar. Estas poucas pero sólidas ideas serían:

1. Deixar de mirar tanto para Occidente. Non incomodarse, mais evitar as actitudes papaleisonas. Unha doutrina de seguridade propia, de acordos con Occidente (insistencia en aprobar o tratado START conxelado dende hai anos pola Duma) pero tamén marcar clara a “liña vermella” da OTAN nas repúblicas ex soviéticas. En consecuencia, procurar recompoñer o “espacio imperial”, primeiro con Bielorrusia, logo coas repúblicas centro asiáticas e premer sobre as surcaucásicas sen perder de vista os acontecementos da Ucraína. Para este labor conta co apoio incondicional dos mandos militares.

2. Darlle estabilidade á vida política rusa, evitando o desarranxo do período Ieltsin. Evitar a terminoloxía anticomunista, afondar na bipolarización da Duma e facilitar a institucionalización do PCFR de tal xeito que a próxima confrontación interna entre nostálgicos e socialdemócratas se decante a favor destes. O outro piar debe ser Vredme, para consolidalo como partido da dereita puxo ao fronte do mesmo a algúns dos seus colaboradores de San Petersburgo.

3. Poñer orde no “capitalismo de gavela”. Quizais o labor menos doado, convencer á “oligarquía cleptocrática” que se apoderou do estado a prezo de saldo de que xa está ben. Que a fase de “acumulación brutal do capitalismo” rematou e que convén comezar a dotar de certas regras á economía rusa. Putin é consciente de que debe o poder ao Bankburó e que non é sensato enfrontarse con el.

Putin empoleirouse no poder sobre os cadáveres chechenos, apoiouse nos “oligarcas” e no chauvinismo gran ruso. As tendencias autoritarias non abandonan a vida política rusa.

---

*Carlos Méixome é membro do Igadi.*

## Ultradereita con acento alemán

Águeda Guimarey

Un tanto sobresaltada, Europa descubriu, por fin, que existe unha ultradereita dentro das súas fronteiras que non se pode tomar a broma. Tralas negociacións entre ÖFP e ÖVP para formar goberno en Austria, a UE, Israel e os EEUU anunciaron a adopción de represalias diplomáticas para evidenciar a súa preocupación ante un feito inqueda para a boa saúde do sistema democrático. O desasosiego provén da natureza política da ÖFP, un partido de ultradereita con simpatías cara o nazismo e con ideas xenófobas, populistas e ultraliberais. Con estes elementos e un forte liderato representado por Jörg Haider, gobernador de Carintia, os “liberais” conseguiron materializar un programa atractivo e desenvolver unha campaña, se ben controvertida, moi efectista. Finalmente obtiveron un gran trunfo. Son a segunda forza política de Austria, por diante dos social demócratas, co 28% dos votos.

Non é a primeira formación deste tipo que forma goberno en Europa, pero nunca foi tanta a repercusión e impacto nos medios continentais. O ascenso da ultradereita en Austria foi seguido sempre con atención pero considerábase un problema localizado e, en certa medida, controlado. Desta vez, sen embargo, a extralimitación do seu ámbito territorial tradicional, acadando influencia no propio goberno vienés da man dos conservadores, introduce sen dúbida unha variación cualitativa de gran alcance, unicamente posible en virtude da quebra da gran alianza tradicional entre populares e socialdemócratas. Pese a non formar parte do goberno e mesmo pasar a un segundo plano no ámbito partidario, todos sitúan a Haider no posto de saída cara a chancelería do seu país. A intelixente táctica do líder austríaco e a debilidade dos partidos tradicionais poden favorecer o seu ascenso ata a xefatura do goberno.

A memoria, a conciencia histórica e un coñecemento fundado do programa político do Partido Liberal, permitiron unha mínima conciliación de vontades para aillar esa “nova” Austria no contexto europeo. Os pupilos de Haider esforzáronse nos últimos meses por maquillar toda alusión susceptible de argumentar as acusacións de connivencia coa xenofobia. Os conservadores, pola súa banda, insisten no seu papel domesticador da extrema dereita e na súa capacidade para atraguela e integrala no sistema. Un nobre propósito pero moi arriscado que podería conducilos á marxinação se os liberais consiguen fagocitalos.

Austria é un país gobernado dende hai 50 anos por conservadores e socialdemócratas, en alternancia ou coalición. Nun caso así, a crise de confianza nos partidos e de falta de alternativas claras dende o propio sistema, vese reforzada por unha necesidade de cambio, de dinamismo dun sistema que no país centroeuropeo quizáis padeza certo anquilosamento.

A crise económica, o desemprego, a falta de seguridade e a incertidume ante a construción europea e a globalización, unidos ó desmantelamento das garantías do Estado de Benestar, lanzan a grandes capas do electorado crítico, desencantado ou abstencionista cara opcións do tipo da ÖFP. Sen embargo, este non é o único caso en Europa. En realidade ninguén protestou cando opcións similares entraron no goberno italiano ou suízo, nin se disparan as alertas cando acadan alcaldías, gobernos provinciais ou forman grupo parlamentario. A extrema dereita forma parte da realidade política en grande parte desa Europa que rivaliza por ser sinónimo de civilización fronte a barbarie.

Se seguimos a J.L. Rodríguez Jiménez, sería Jean-Marie Le Pen o pioneiro deste fenómeno trunfante, alentado polo rexeitamento ós emigrantes, unha serie de respostas simplistas ós problemas sociais, o aproveitamento dos escándalos de corrupción e a utilización dun discurso nacionalista que ás veces oculta a defensa dun ultraliberalismo exacerbado. Le Pen foi quen de transformar a unha serie de grupúsculos ultradereitistas e neofascistas nunha forza política con peso electoral e forte implantación en Francia (a chamada Fronte Nacional).

A influencia das ideas de Le Pen deixáronse sentir en case todos os países da Europa Occidental. Mesmo chegou a países tan afastados destas “calores” como Noruega ou Suecia, considerados habitualmente entre os máis avanzados no ámbito da protección das liberdades cidadás.

Tamén en EEUU existe unha considerable implantación de organizacións racistas e ultradereitistas, entre as que destacan as “milicias patrióticas”, rebordantes de ideas mesiánicas sobre o seu país. Unha influencia distinta tería, por outra banda, a “nova dereita”, que postula unha volta ó tradicionalismo e o reforzamento do liderato do país no mundo.

Nin sequera Australia, país cunha xenerosa política de inmigración dende hai moitos anos, consegue librarse desta “praga”. Foi a crecente influencia dun partido ultraconservador, quen obrigou ó goberno a axustar e endurecer os requisitos para a inmigración.

Nesta mesma liña, as forzas políticas tradicionais adoptan moitas veces medidas desta natureza por medo a perder electorado. Se ben é certo que cabe interpretalas como unha resposta automática á presión creada polas manifestacións destes grupos, usurpar parte do seu discurso, pese a ofrecer algún resultado inmediato, non semella solución de futuro. No tocante ás alianzas, a ruptura do seu illamento proporcionalles unha respectabilidade maior.

O que debemos temer, non é o novo “anschluss”, nin desfiles hitlerianos. O que si debemos temer é a escalada real de opcións autoritarias e exclusivistas a través dunha ampla escala social, incluída xente moi nova.

---

*Águeda Guimarey é estudante de Ciencias Políticas e realiza prácticas no Igadi.*

## Taiwán non quere ser chinesa

*Xulio Ríos*

**A**s eleccións presidenciais celebradas en Taiwán o pasado 18 de marzo pecharon cinco décadas de dominio absoluto do Kuomintang, o Partido Nacionalista que se refuxiou na illa fuxindo da victoria de Mao Zedong; pero tamén colocou contra as cordas a estratexia de unificación continental.

A forza política gañadora destes comicios, o Partido Democrático Progresista (PDP) creouse en 1986. No comezo, a reivindicación de independencia era a súa principal seña de identidade e a referencia incuestionable para toda a súa base electoral. Na actualidade, sen embargo, a moderación é a nota dominante nas súas filas e os principais dirixentes do PDP esfórzanse por definir outros referentes da súa acción política. O máis probable é que a medida que os sectores máis moderados do PDP se instalen no poder, esa mutación experimentará novos e intensos cambios na mesma dirección.

Semellante afirmación pode sorprender, especialmente tendo en conta que Chen Shuibian, o novo presidente, procede dunha das familias internas do PDP máis radicalmente posicionadas a favor da plena soberanía de Taiwán. Fronte ós agrupados arredor da fracción “Formosa”, que sempre priorizou a democratización do Estado, os partidarios da “Nova Corrente” destacaban a urxencia de refundar o Estado sobre bases claramente autodeterministas. Foi o propio Chen Shuibian quen propuso no V Congreso do PDP, celebrado o 13 de outubro de 1991, a inclusión da independencia no programa do Partido.

Os malos resultados obtidos en 1990 (lexislativas) e 1991 (municipais) provocaron certo debate interno e marcan o inicio dun cambio de tendencia que o propio Chen Shuibian acerta a liderar en 1994 na súa campaña para acadar a alcaldía de Taipei. O posterior trunfo de Lee Teng-hui nas presidenciais da primavera de 1996 acelera o xiro ó centro que se salda cunha importante escisión en decembro do mesmo ano cando nace o Partido para a Independencia de Taiwán. Nas eleccións locais de 1997 e nas lexislativas de 1998, cos sectores máis radicais fóra do Partido, prosegue a marxinação da independencia, pasando a primeiro plano o debate sobre cuestións moito máis pragmáticas (emprego, políticas públicas, protección social, medio ambiente, etc).

A discusión sen embargo non está pechada de todo. Aínda que procuran disimulalo, as relacións coa China constitúen o problema número un de Taiwán. Entre as diferentes corrientes do PDP existen partidarios de impulsar e desenvolver iniciativas de aproximación, e tamén quen non considera que

esta sexa unha cuestión nin moito menos urxente. En calquer caso, os defensores de ambas as dúas posicións, semellan compartir a necesidade de extremar a prudencia nas relacións bilaterais.

Para a China, a nova situación suscita serias dúbidas a propósito da vixencia do principio “un país, dous sistemas” como fórmula aceptable para levar adiante a unificación. A Beijing cómprelle recoñecer “a verdade nos feitos”, como acostumaba enfatizar Deng Xiaoping, e adaptarse á nova realidade con propostas audaces que non encasillen o contencioso bilateral en postulados inamovibles. A sociedade taiwanesa deixou ben clara a súa aposta por afortalar unha identidade política propia. A China comprometida coa unificación debe traducir esa aspiración con flexibilidade e concretala en previsións máis xenerosas do seu sistema xurídico e institucional. Nin Hong Kong nin Macao contaban con diplomacia ou con un exército propio. Imaxinar a Taiwán co mesmo status de “rexión administrativa especial” resulta claramente inapropiado e está fóra de lugar.

¿É posible que a China se aventure militarmente no estreito de Taiwán? A situación actual é particularmente perigosa. Moitos analistas consideran que as ameazas de Beijing non son cribles, que son moitas as dependencias a respecto dun entorno internacional que podería aillala en caso de invasión, que non está preparada para unha guerra desas características e na que non tería todas as de gañar, e que a súa prioridade pasa pola culminación do proceso de modernización económica iniciado na década dos oitenta e que agora enfróntase ó desafío da integración na Organización Mundial do Comercio.

Pero hai outros elementos de reflexión. En primeiro lugar, que os gobernantes chineses exercen o seu poder con unha man na Historia, e nesa perspectiva o horizonte non é de catro anos. En segundo lugar, a afirmación nacionalista forma parte do discurso político do actual liderato, e, nesa liña, Taiwán constitúe un recurso de incalculable valor para opacar outras tensións. En terceiro lugar, Jiang Zemin precisa reaccionar. A tardanza na resposta indica que no Comité Permanente ándase á busca do consenso.

A pesar da difícil tesitura en que se atopa a política chinesa nesta materia e á marxe de episodios simbólicos que nunca poden descartarse plenamente, nada indica que a China aposte hoxe polo inicio de hostilidades con Taiwán. O recurso á forza armada situaría a Beijing ó mesmo nivel que aquela OTAN que hai un ano bombardeou a súa embaixada en Belgrado.

---

*Xulio Ríos é director do Igadi.*

## Constituído o Consello Asesor do Igadi

*Te*

**B**aixo a atenta mirada de Diego Sarmiento de Acuña, constitúíuse o Consello Asesor do Igadi nunha xuntanza celebrada o pasado 8 de abril no salón “Gondomar” do Parador de Baiona. Entre os seus obxectivos cómpre destacar: reflexionar e compartir preocupacións directamente relacionadas coas liñas xerais de actuación do Instituto, a fin de facilitar a consolidación do proxecto; favorecer unha adecuada orientación das actividades e contrastar a validez e interese das liñas de traballo que impulsa; dinamizar iniciativas que procuren unha maior proxección global e sectorial do Igadi no tecido social de Galicia; achegar propostas que favorezan o desenvolvemento de estratexias de acción exterior que posicionen adecuadamente a Galicia no mundo.

Forman parte do Consello Asesor: Luís Álvarez Pousa, profesor de Comunicación Especializada na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela; Víctor Fernández Freixanes, escritor e xornalista; Xosé Fortes Bouzán, historiador e ex-militar; Jesús García Rojo, socio-director do Grupo CIP-Consultores; Xulián Maure Rivas, profesor e presidente da Asociación de Tradutores Galegos; Ramón Máiz Suárez, decano da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de



De esquerda a dereita, Manuel Mera Sánchez, Luís Álvarez Pousa, Xulián Maure Rivas, Xosé Fortes Bouzán, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Xulio Ríos Paredes e Fernando Pérez-Barreiro Nolla.

Compostela; Manuel Mera Sánchez, sindicalista; Fernando Pérez-Barreiro Nolla, escritor e funcionario internacional; Xosé Luís Rodríguez Pardo, presidente da Asociación Galega de Avogados; e Lois Tobío Fernández, co-fundador do Seminario de Estudos Galegos e funcionario xubilado do Ministerio de Asuntos Exteriores. Próximamente, agárdase a incorporación de novos membros a este Consello Asesor.

### **Publicada a Iª Conferencia Anual “PlácidoCastro”**

---

Continuando co labor de reivindicación da figura de Plácido Castro, publicouse recentemente a conferencia dictada por Fernando Pérez-Barreiro Nolla o pasado 25 de xaneiro na Casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa. “Irlanda e as novas formas da vida internacional” pode obterse solicitandoa ó Igadi. A coidada edición correu por conta da Concellería de Cultura de Vilagarcía.

Seguindo coas actividades, o 26 de abril reuniranse representantes dos Concellos de Cambados, Corcubión, Muxía, Vilagarcía e Vigo, para avaliar as posibilidades de constituír unha Fundación que leve o seu nome e preparar así mesmo diversas actividades co horizonte do ano 2002, cando se cumpren cen anos do seu nacemento.